

Actividade: gráficos do cambio climático

Nesta actividade o alumnado vai analizar gráficos sobre o cambio climático co obxectivo de que tome conciencia do problema e se forme unha opinión baseada en datos obtidos de fontes fiables.

A actividade pon o foco de atención en varios aspectos:

- Efectos do cambio climático no entorno.
- Pegada ecolóxica. Achegas individuais que poden reducir o nos impacto no medio ambiente.
- Empregos verdes. Distribución dos empregos verdes segundo o xénero.
- Migrantes climáticos.

Obxectivos

A actividade ten os seguintes obxectivos:

- Tomar conciencia do problema do cambio climático.
- Apreciar a importancia de obter os datos de fontes fiables e contrastables.
- Saber interpretar diferentes tipos de gráficos.
- Pasar de información tabulada a gráfica e de gráfica a tabulada.
- Aprender a usar unha folla de cálculo para realizar gráficos e estatísticos e calcular parámetros estatísticos.

Temporalización

A actividade desenvolverase durante 4 sesións da primeira quincena do mes de xuño.

Estándares de aprendizaxe

- MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.
- MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.
- MAB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.

- MAB5.1.5. Interpreta gráficos estatísticos sinxelos recollidos en medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá.
- MAB5.1.3. Organiza datos obtidos dunha poboación de variables cualitativas ou cuantitativas en táboas, calcula e interpreta as súas frecuencias absolutas, relativas e acumuladas, e represéntaos graficamente.
- MAB5.1.4. Calcula a media aritmética, a mediana (intervalo mediano) e a moda (intervalo modal), e emprégao para interpretar un conxunto de datos elixindo o máis axeitado, e para resolver problemas.

Descrición da actividade

A actividade comeza cunhas preguntas de reflexión que compartirán nun taboleiro colaborativo realizado con Padlet.

Despois desta reflexión inicial o alumnado irá realizando análises de gráficos estatísticos, tabulando datos e realizando gráficos para ir obtendo conclusións. Tamén calculará a súa pegada ecolóxica e propondrá medidas para reducila.

Para finalizar a actividade volverán a compartir as súas opinións noutro taboleiro colaborativo realizado con Padlet. Compararán se mudaron as mesmas unha vez coñecidos e analizados os datos. Resaltarase a importancia de sinalar as fontes de información e que estas sexan fiables.

A actividade implementarase no curso da plataforma EVA mediante un libro no que se irán enlazando diferentes cuestionarios e tarefas. A copia deste libro, cuestionarios e tarefas pode descargarse [aquí](#).

Os traballos realizados polo alumnado colgaranse ao longo do mes de xuño neste cartafol: <https://drive.google.com/drive/folders/1clyiHbZGW5igif-qBBJPp68aAhTpsrqA?usp=sharing>.